

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019-20

IES LAURO OLMO

CURSO: 2º de BACHARELATO

MATERIA: PSICOLOXÍA

12 de maio de 2020

## ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, e competencias imprescindibles.**
3. **Avaliación e cualificación.**
4. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
5. **Información e publicidade.**

## DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA DO IES LAURO OLMO

### MODIFICACIÓNS DA PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIAS DEBIDAS Á PANDEMIA PRODUCIDA POLO COVID-19

**INTRODUCCIÓN:** Debido a suspensión das clases lectivas presenciais dende o pasado venres día 13 de marzo xunto coas medidas de confinamento decretadas desde o Goberno central do Estado de Alarma houbo que adaptar ás programacións didácticas das distintas materias en consonancia coas directrices marcadas polo Ministerio de Educación e a Consellería de Educación que publicaron instrucións de orientación para adaptar o ensino a esta nova situación. BOE do 24 de abril e DOGA do 27 de abril, ambos, claro está do 2020.

Tendo en conta este último documento, os Departamentos didácticos de cada Centro educativo deben redactar un documento anexo á programación onde se contemplen os seguintes apartados:

a.- A identificación das aprendizaxes (é dicir estándares de aprendizaxe) e competencias (é dicir competencias clave) imprescindibles que debería desenvolver cada alumno para cada materia, que servirá de referente para deseñar as actividades de recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación que se desenvolve durante o terceiro trimestre.

b.- A avaliación e cualificación do alumnado adaptarse e realizarse sobre as aprendizaxes realizadas durante o 1º e 2º trimestre, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación durante o confinamento, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta a aprendizaxe en competencias imprescindibles anteriormente identificadas.

c.- Procedementos para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria. Hai pois que sinalar como se vai a proceder o cálculo da cualificación, tendo en conta que o alumno ou alumna, en ningún caso se encontrará prexudicado como consecuencia das dificultades producidas polo cambio de metodoloxía a distancia deste terceiro trimestre, polo que non poderá ver diminuídos os resultados desta avaliación final con respecto ás avaliacións precedentes.

d.- Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes. Neste punto establécese neste documento que no caso de que haxa algún alumno ou alumna do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa poderá ser convocado a unha proba telemática se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais.

Dita proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva. Deberanse detallar os criterios de avaliación e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes.

e.- A adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-20 será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan os dereitos do alumnado a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

## PSICOLOXÍA (2º de Bach.)

Na materia de Psicoloxía optouse neste terceiro trimestre reducir a materia a impartir. Así que tan solo se lle propuxo ao alumnado a unidade didáctica referida as teorías sobre ao aprendizaxe e as actividades correspondentes a esta unidade didáctica que se lles colocou a Aula virtual do centro. O alumnado conta tamén cun libro de texto.

Selecciónanse entón os seguintes contidos en relación cos seus estándares de aprendizaxe, criterios para avaliar e competencias clave.

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>Teoría da aprendizaxe: condicionamento clásico; aprendizaxe por ensaio-erro; condicionamento instrumental; teoría cognitiva; aprendizaxe social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar a teoría sobre a aprendizaxe por condicionamento clásico, identificando os factores se consideran determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sabe explicar en que consiste a aprendizaxe por condicionamento clásico, a orixe do seu descubrimento por Pavlov. E identifica os seus conceptos así como as súas aplicacións á publicidade, sanidade, etc</li> </ul>	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital
<ul style="list-style-type: none"> <li>Teoría da aprendizaxe:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explicar a teoría sobre a</li> </ul>	Sabe explicar en que consiste a aprendizaxe	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións

aprendizaxe por ensaio-erro e por condicionamento instrumental ou condicionamento operante	aprendizaxe por condicionamento operante, identificando os factores que se consideran determinantes neste proceso, co obxecto de iniciarse na comprensión deste fenómeno e das súas aplicacións no campo social, e utilizar os seus coñecementos para mellorar a súa propia aprendizaxe.	por condicionamento o, a operante ou instrumental . E aprecia seu descubrimento por Skinner. Identifica os seus conceptos así como as súas aplicacións á publicidade, sanidade, ensino etc	culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital
Aprendizaxe por comprensión súbita ou <i>insight</i> . A escola da Gestalt	Explicar en que consiste a aprendizaxe por comprensión súbita ou <i>insight</i> .	Expresa en que consiste a aprendizaxe por comprensión súbita ou <i>insight</i> . A escola da Gestalt	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital
A aprendizaxe por observación o vicaria de Bandura	Comprender en que consiste a aprendizaxe por observación o vicaria de Bandura. Entender a importancia da súa aplicación á educación. Valorar a responsabilidade dos medios de comunicación	Expoñe en que consiste aprendizaxe por observación o vicaria de Bandura. E entende a aplicación de dita aplicación á educación dos nenos e o ensino dos mesmos. Valorando a responsabilidade dos medios de comunicación	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital
A teoría cognitiva da aprendizaxe e as súas distintas vertentes: O construtivismo de Piaget; a aprendizaxe de descubrimento de Bruner; a aprendizaxe significativa de Ausubel e a teoría da área de desenvolvemento potencial da Vygotsky	Entender en que consisten as distintas teorías cognitivas sobre a aprendizaxe: O construtivismo de Piaget; a aprendizaxe de descubrimento de Bruner; a aprendizaxe significativa de Ausubel e a teoría da área de desenvolvemento potencial da Vygotsky	Entende en que consisten as distintas teorías cognitivas sobre a aprendizaxe: O construtivismo de Piaget; a aprendizaxe de descubrimento de Bruner; a aprendizaxe significativa de Ausubel e a teoría da área de desenvolvemento potencial da Vygotsky	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas; Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital
	Encher un cadro comparativo das distintas teorías sobre	É capaz de encher un cadro comparativo das distintas teorías sobre	Competencia de comunicación lingüística; Competencia de expresións culturais, Competencia sociais e cívicas;

	aprendizaxe relacionando autores, sinalando os seus obxectivos, a implicación do individuo así como a súas aplicacións	aprendizaxe relacionando autores, sinalando os seus obxectivos, a implicación do individuo así como a súas aplicacións	Competencia de aprender a aprender e Competencia dixital
--	--	--	--

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Actividades de reforzo e de ampliación como recadros para encher referidos aos conceptos fundamentais, relacións de teorías cos seus autores e as súas aplicacións. Textos con cuestións de comprensión sobre os mesmos. Cuestionarios de reflexión.</p> <p>Instrumentos: Correccións individuais dos documentos enviados ao correo electrónico aberto pola dirección do centro para este Departamento de Filosofía</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><b>PROCEDEMENTOS PARA CALCULAR A CUALIFICACIÓN FINAL:</b></p> <p>O procedemento para calcular a cualificación final será a media das cualificacións da 1ª avaliación e 2ª avaliación máis un máximo de 2 puntos en función dos resultados das actividades realizadas neste terceiro trimestre. Ademais conta con engadir a nota media do curso un máximo de 1,5 puntos resultado da exposición dun traballo de investigación voluntario que 10 alumnas xa expuxeran ao resto da clase.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Se fora o caso en setembro se habilitará unha data para aqueles alumnos ou alumnas que non superaran a materia.</p>

<b>1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Cuestionarios sobre a filosofía dos distintos autores e comentarios de texto sobre fragmentos de psicólogos emblemáticos . Encher cadros sobre conceptos importantes
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Todo o alumnado tiña acceso a Aula virtual do centro
<b>Materiais e recursos</b>	Libro de texto, power- point; urls.

<b>5.- Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase ao alumnado e as familias por medio da plataforma educativa virtual que se estea utilizando e no seu defecto por medio de correos electrónicos.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

O Barco, a 12 de maio de 2020

Xefa do Departamento de Filosofía do IES Lauro Olmo

Ana Mª Cobo Rodríguez